

## Criterios para a promoción e titulación na ESO. IES Xunqueira I.

### MARCO LEGAL:

Esta proposta está baseada na lexislación actualmente vixente na Comunidade Autónoma de Galicia pola que se regula a avaliación na ESO:

- Orde do 21 de Decembro de 2007 (DOG do 7 de Xaneiro de 2008).
- Orde do 23 de Xuño de 2008 (DOG do 24 de Xuño de 2008). Esta modifica a redacción do punto 4 do Artigo 6 e o punto 6 do Artigo 7 da Orde anterior.

Na elaboración deste borrador faráse referencia ós artigos e puntos das Ordes antes mencionadas.

### PROMOCIÓN na ESO

1. O alumno ou alumna promocionará de maneira automática si na avaliación final de Xuño ou Setembro tivese superadas **TODAS** as materias. Tamén promocionará si na avaliación extraordinaria de Setembro tivese suspensas 1 ou 2 materias. No caso de suspender máis de 2 deberá repetir curso. Este apartado non necesita da aprobación nin da votación do equipo docente. O alumno ou alumna deberá someterse ó procedemento de recuperación das materias suspensas establecido polos correspondentes Seminarios desas materias.

(Punto 2 do Artigo 6º).

2. Na avaliación extraordinaria de Setembro, de maneira **EXCEPCIONAL**, con 3 asignaturas suspensas, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno ou alumna en base **Ó CONXUNTO** dos seguintes criterios:
  - a. O alumno ou alumna ten posibilidades de acometer con éxito o curso seguinte.
  - b. Ten posibilidades de recuperación das asignaturas pendentes do presente curso.
  - c. A promoción beneficia a evolución académica e persoal do alumno ou alumna.

(Punto 3 do Artigo 6º)

### Consideracións xerais a ter en conta na Promoción:


- Como materias suspensas computan todas as asignaturas, tanto do presente curso como pendentes de anteriores. O proxecto Interdisciplinar **NON** computa.

(Orde do 23 de Xuño de 2008)

- O número de repeticións máximas na **ESO son 2 veces**, con carácter xeral.
- Non se pode repetir mais de **1 vez un mesmo curso**, con carácter xeral.
- En 4º da ESO, e de non ter repetido **NUNCA na ESO**, poderase repetir unha **2ª vez**, prolongando a escolarización na ESO hasta os **19 anos** como máximo.

(Punto 9 do Artigo 6º)

## ORGANIGRAMA RESUME DA PROMOCIÓN NA ESO.



\* Ter en conta as consideracións xerais para a promoción, antes expostas.

## TITULACIÓN en 4º da ESO

1. O alumno ou a alumna titulará cando na avaliación final de Xuño ou Setembro teña superadas **TODAS** as materias.

(Punto 1 do Artigo 7º)

2. Cando na avaliación extraordinaria de Setembro, o alumno ou a alumna que teña 1 ou 2 materias suspensas, **PODERÁ** titular sempre e cando **cumpra TODOS os seguintes requisitos:**

- a. Non ter abandono de ningunha materia durante o curso. (Esta situación deberá estar documentada segundo o anexo 1 de este borrador)
- b. Presentarse á convocatoria extraordinaria de Setembro, **non deixar o exame en branco** e amosar **un mínimo traballo e esforzo** en dita proba. De ter unha xustificación para a súa ausencia na proba extraordinaria, esta deberá ser presentada **documentalmente antes da sesión de avaliación** para a súa valoración e aceptación ou non a algún membro do Equipo Directivo, que llo fará chegar ao profesor ou profesora da materia.

No caso de que o alumno ou alumna **CUMpra estos requisitos (a.- e b.-)**, o **EQUIPO DOCENTE DECIDIRÁ** a súa titulación, podendo incluso decidilo por votación, e tendo sempre en conta o disposto no Punto 2 do Artigo 7º referente ás consideracións de que *“a natureza e o peso das materias suspensas no conxunto da etapa non lle impediú (o/a alumno/a) alcanzar as competencias básicas e os obxetivos da etapa”*.

3. No caso de que o alumno ou alumna teña 3 materias suspensas na avaliación extraordinaria de setembro, **EXCEPCIONALMENTE PODERÁ** titular sempre e cando previamente se acade a valoración de **CASO EXCEPCIONAL**. Para poder ter esta consideración, o/a alumno/a deberá estar **NALGÚN** dos seguintes casos:

- Algunha causa de **FORZA MAIOR**, e **inevitable por parte do/a alumno/a**, que provocou que se atopase nesa situación ó rematar o curso. Entederemos causa deste tipo a ausencia xustificada durante un periodo de tempo considerable. Este caso deberá estar xustificado **DOCUMENTALMENTE** e de maneira **FORMAL** por parte do/a alumno/a con **antelación á sesión avaliación**.
- Algún impedimento **alleo ó/a alumno/a** para poder acadar os obxetivos desas materias (accidentes, minusvalías, e outros), pero que non sexan de carácter académico. Este apartado tamén se debe xustificar ó equipo docente de maneira **FORMAL e DOCUMENTALMENTE, antes da avaliación**.

En calquer caso, o alumno ou alumna **deberá cumprir os requisitos do apartado 2 para a titulación con 2 materias suspensas** e o profesorado implicado nas materias suspensas deberá valorar e aceptar ou non, a condición de excepcionalidade. **Unha vez que** o alumno ou alumna acada a **CONDICIÓN DE EXCEPCIONALIDADE, e nunca antes**, o equipo docente na avaliación decidirá sobre a súa titulación, **cos mesmos criterios** que no apartado 2 para 2 materias suspensas.

## Consideracións xerais a ter en conta na Titulación:

- Como materias suspensas computan **TODAS** as asignaturas, tanto do presente curso como pendentes de anteriores. O proxecto Interdisciplinar **NON** computa.

(Orde do 23 de Xuño de 2008)


- En 4º da ESO, e de non ter repetido **NUNCA na ESO**, poderáse repetir unha **2ª vez**, prolongando a escolarización na ESO hasta os **19 anos** como máximo.

(Punto 9 do Artigo 6º)

- Os acordos do equipo docente sobre a titulación necesitan da maioría simple.

(Punto 8 do Artigo 7º)

## ORGANIGRAMA RESUME DA TITULACIÓN EN 4º DA ESO.



## Consideración final.

No caso de que o equipo docente se atope nalgunha situación de promoción ou titulación non recollida no presente documento, deberá utilizar como marco de referencia para esta promoción ou titulación as Ordes mencionadas ó principio deste documento.

## ANEXO 1

### Acerca do abandono nunha materia por parte dun alumno ou alumna.

Pódese considerar **ABANDONO DE MATERIA** o feito de que unha alumna ou un alumno, ademais de amosar **desinterese e actitude negativa** cara á materia impedindo o normal desenvolvemento da clase, incorre de **xeito reiterado** e tras sucesivos avisos con constancia escrita por parte da profesora ou profesor da materia, titor/a e xefe/a de estudos, nalgunha das seguintes conductas ou actitudes:

1. Non asistencia ás clases, sen causa xustificada.
2. Asistencia ás clases sen o material necesario para desenvolver as tarefas propias da área ou materia.
3. Non presentar traballos, exercicios, tarefas de aula, etc, propostos polo profesorado e necesarios para a avaliación continua do alumnado.
4. Non presentarse a exames, probas escritas, ou en caso de presentarse deixalos en branco ou obter a cualificación de 0 por non responder ó preguntado.

Ademais, considerase **ABANDONO DE MATERIA** cando o alumno ou alumna non se presente ás **probas extraordinarias** ou non amose un mínimo interese e esforzo por realizar esta proba.

### Procedemento a seguir antes de considerar unha situación académica como abandono:

1. **O/A profesor/a da materia comunicará ó/á titor/a**, quen informará ós **pais ou titor/a legal** da situación, consecuencias e proposta das medidas a tomar para que o/a alumno/a reconduza a súa actitude na materia nun prazo de 15 días.
2. Se no prazo observado non se observa cambio ningún e non fai entrega das tarefas asignadas, comunicárase **ó/á xefe/a de estudos**, que dará audiencia ó/á alumno/a, pai/nai ou titor/a legal, profesor/a da materia e titor/a para informalo de novo e ofrecerlle un novo prazo de 10 días (con tarefas para traballar e demostrar o seu cambio de actitude).
3. Se, a pesar de todo, persiste na súa actitude, **o profesor ou profesora da materia e o/a xefe/a de estudos** iniciarán a apertura dun expediente de abandono e informarán da decisión tomada **á xunta de avaliación, alumno/a e pais ou titor/a legal**.
4. No caso de cumprir os prazos ós que fan referencia os apartados 1 e 2, a **reincidencia** implicará, automaticamente, a apertura dun expediente de abandono reflectido no apartado 3.
5. No caso de **probas extraordinarias** non presentadas, en branco ou sen amosar un interese e esforzo mínimo, o xefe/a de estudos, e tras a posible reclamación da cualificación por parte do alumno/a, procederá a apertura do expediente de abandono reflectido no paso 3.

Para que quede constancia documental do proceso, haberá uns modelos para cada un dos apartados do procedemento.